

O REXISTRO DE COOPERATIVAS DE GALICIA

COORDENADORES:

ANXO TATO PLAZA

JULIO COSTAS COMESAÑA

ÍNDICE

Prólogo	5
Inauguración da Xornada, por Dona María Coutinho Villanueva, Sudirectora Xeral de Cooperativas da Xunta de Galicia.	9
As cooperativas e o seu rexistro: Panorámica xeral, <i>polo Prof. Dr. p.h. Don José Antonio Gómez Segade,</i> Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade de Santiago.	11
Os principios Rexistrals, polo Dr. Don Enrique Maside Miranda, Rexistrador Mercantil de Pontevedra.	19
O Regulamento do Rexistro de Cooperativas da Administración Xeral do Estado, pola Prof. Dra. Dona María José <i>Morillas Jarillo, Profesora Titular de Dereito Mercantil</i> da Universidade Carlos III.....	45
Organización e funcionamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia, polo Prof. Dr. D. Manuel Botana Agra, Catedrático de Dereito mercantil da Universidade de Santiago de Compostela.	97
Proceso de adaptación das cooperativas á Lei de Cooperativas de Galicia, polo Prof. Dr. Don Anxo Tato Plaza, Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade de Vigo.	115

PRÓLOGO

É coñecido que o Estatuto de Autonomía para Galicia, nunha proba máis de que non acadaba as cotas de autonomía atribuídas ás restantes Comunidades Autónomas históricas polos seus respectivos Estatutos de Autonomía, non atribuíu á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de cooperativas, pese a que o movemento cooperativo conta en Galicia cunha longa e interesante traxectoria; a competencia da Autonomía reducíase ó desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación estatal. Esta anomalía ou discriminación competencial rematou coa entrada en vigor da Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, pola que se engaden as sociedades cooperativas á lista de materias de competencia exclusiva do artigo 28.7 do Estatuto de Autonomía de Galicia; e sobre esta base legal o Consello de Goberno da Xunta de Galicia enviou ó Parlamento galego o Proxecto de Lei de Cooperativas de Galicia de 1997, que decae como consecuencia da disolución do Parlamento, pero que foi de novo presentado na seguinte lexislatura resultando aprobado como Lei 5/1998, do 18 de decembro de 1998, de cooperativas de Galicia.

Pois ben, no proceso de debate que o Goberno galego abriu co sector cooperativo respecto do segundo Proxecto de Lei, o profesor Anxo Tato tivo a oportunidade de participar como representante da Federación de Cooperativas “Sinexia”. Este primeiro contacto deu paso á apertura dunha nova liña de investigación como profesores universitarios de Dereito mercantil, así como ó coñecemento do traballo que viñan desenvolvendo neste eido, tanto desde a perspectiva xurídica como económica, outros profesores das tres Universidades Galegas, que hoxe temos como punto de encontro a Revista “Cooperativismo e Economía Social”.

Precisamente, o número 16 (xullo-decembro 1997) de “Cooperativismo e Economía Social” foi dedicado monográficamente á análise do segundo Proxecto de Lei de Cooperativas de Galicia. Coordinado polo Dr. Anxo Tato e presentado polo Dr. Iago Santos, o lector pode atopar un estudio sistemático do Proxecto de Lei a través da lectura dos traballos seguintes: Gómez Segade, Notas sobre o concepto e características da sociedade cooperativa galega; Lema Devesa, A constitución da sociedade cooperativa; Tato Plaza, Órganos da sociedade cooperativa; Fernández-Albor Baltar, Réxime xurídico dos socios; Merino Hernández, Comentario sobre a regulación do réxime económico no Proxecto de Lei de Cooperativas de Galicia; Iglesias Sánchez, Aplicacións da contabilidade de xestión nas sociedades cooperativas; Botana Agra, Fusión, escisión e transformación. Disolución e Liquidación; García Llovet, A Administración Pública e as cooperativas; Costas Comesaña, O rexistro de Cooperativas; Dávila Millán, Asociacións e representación cooperativa Izquierdo Alonso, As cooperativas do mar no proxecto de Lei de Cooperativas de Galicia; e López Díaz, Réxime fiscal das cooperativas.

A publicación da Lei de Cooperativas de Galicia deu paso á reelaboración da maioría dos estudos recollidos no citado nº 16 de Cooperativismo e Economía Social e á elaboración de outros traballos novos, todos eles presentados nas “Xornadas de Estudio sobre a Lei de Cooperativas de Galicia”, que organizadas pola Escola Galega de Administración Pública, tiveron lugar os días 29 e 30 de novembro de 1999 en Santiago de Compostela. Os relatorios presentados a estas Xornadas foron logo publicados no número 25 da Colección Xornadas e Seminarios da Escola Galega de Administración Pública, baixo o Título de “Estudios sobre a Lei de Cooperativas de Galicia”, coordinados por Gómez Segade / Botana Agra / Fernández-Albor Baltar / Tato Plaza. Aquí, ademais da maioría dos citados traballos, o lector atopará os estudos seguintes: Fajardo García, O réxime económico da sociedade cooperativa; Fernández-Feijó Souto / Cabaleiro Casa, A documentación social e a contabilidade; Vázquez Pena, As cooperativas de segundo grao e outras formas de colaboración económica; Costas Comesaña, O réxime transitorio de adaptación; Bouza López, As clases de cooperativas: normas xerais; Montero Villar, As cooperativas de traballo asociado; Botana Agra, as cooperativas agrarias; Tato Plaza, As cooperativas de explotación comunitaria da terra; Maroño Gargallo, As cooperativas de consumidores e usuarios; Dávila Millán, As cooperativas de transportistas; Vidal Portabales, As cooperativas de ensino, integración social e de servizos sociais; García-Pita Lastres, As cooperativas de crédito e de seguros; e Millán Calenti, As cooperativas sanitarias.

Neste ámbito, a publicación nun breve espazo de tempo do Regulamento do Rexistro de Sociedades Cooperativas da Administración Xeral do Estado (RD 136/2002, de 1 de febreiro) e do Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia (Decreto 430/2001, do 18 de decembro, publicado no DOG nº 31, do 12 de febreiro de 2002) parecerónnos feitos normativos o suficiente-

mente importantes e relevantes para o movemento cooperativo, como para organizar unha Xornada na que se analizasen os aspectos principais das dúas disposicións regulamentarias, que finalmente se celebrou o 18 de outubro de 2002, no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo, que contou coa financiación da Dirección Xeral de Relacións Laborais, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, da Xunta de Galicia.

A contribución económica realizada polo “Centro de Estudos Cooperativos”, que recén acaba de botar a andar como centro de investigación mixto da Universidade de Santiago de Compostela e da Xunta de Galicia, permite agora a publicación dos relatorios desa Xornada sobre o Rexistro de Cooperativas de Galicia. Con esta publicación iníciase ademais una nova serie de estudos monográficos da Revista Cooperativismo e Economía Social.

